



Cursos CELGA 1 en liña para preparar as probas

Destinatarios:

Esta convocatoria está dirixida a todas as persoas maiores de 16 anos con coñecementos informáticos a nivel de usuario e que estean interesadas en preparar a proba do celga 1 que terá lugar en Santiago de Compostela, Barcelona, Madrid e Ponferrada o 22 de xuño de 2014.

Antes de presentar a solicitude cómpre ter en conta o seguinte:

- Trátase de cursos de nivel elemental de lingua, pensado para estranxeiros e para persoas que non teñen ningún coñecemento de galego.
- Son cursos voluntarios e gratuítos. Non dá dereito a certificado de ningún tipo nin a ningunha acreditación de horas.

Datas do curso:

31 de marzo – 8 de xuño (10 semanas)

Desenvolvemento dos cursos:

Está previsto a realización de 3 cursos, pero este número pode variar en función da demanda existente. Cada curso contará cun número aproximado de 50 persoas. Desenvolverase baixo a modalidade de “en liña”.

As persoas admitidas serán convocadas para, xusto antes de empezar o curso, ter unha reunión co/ca titor/a, nas que

- se dará acceso á plataforma (usuario, contrasinal)
- se explicarán as características da plataforma así como a estrutura, contidos e actividades do curso
- se fixarán os días e hora en que o/a titor/a estará dispoñible para atender a través das ferramentas de comunicación da plataforma o alumnado (chat, foro, correo electrónico)

Matrícula:

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán enviar unha mensaxe electrónica ao enderezo sxpl.formacion@xunta.es. Non será admisible outra forma de inscrición.

Na mensaxe que envíen indicarán:

- **Nome e apelidos**
- **DNI con letra**
- **Enderezo electrónico e teléfono de contacto**
- **Lugar de residencia**
- **Nivel de estudos**

As persoas solicitantes destes cursos deberán dispor dun equipo informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

- Conta de correo electrónico
- Ordenador con conexión á Internet (preferiblemente con navegador Explorer):



- *Procesador: **Pentium 233 MHz ou superior.**
- *Sistema Operativo : **Windows 9x / NT / Me / 2000 / XP/ VISTA / 7.**
- *Memoria RAM : 64 MB.
- *Gráficos : resolución de pantalla mínima: 800x600, e 256 cores.
- *Son: tarxeta de son 16 bits con entrada e saída de audio. Cascos/altavoces e micrófono, configurados axeitadamente.
- *Navegador : **Microsoft Internet Explorer 6.0 ou superior**, habilitado para aceptar cookies e Javascript, ou Firefox 1.0 ou superior.
- *Plugins. É necesario que o usuario dispoña de permisos para instalar, ou teña instalados os seguintes compoñentes: Flash: **Plugin** de Macromedia Flash Player 7 ou superior (**para poder ver as imaxes**).

Prazo de matrícula:

Do 27 de febreiro ao 22 de marzo ambos os dous incluídos.

Criterios de selección:

A selección farase por rigorosa orde de matrícula e ata cubrir o número aproximado de 50 persoas por curso.

Farase unha listaxe de agarda, no caso de que as solicitudes superen o número de persoas admitidas para os cursos. As persoas desta listaxe serán chamadas, na segunda semana do curso, en caso de que se dea de baixa algún alumno/a da lista de admitidos.

Causas polas que as persoas matriculadas serán dadas de baixa:

As persoas que en principio figuren como admitidas aos cursos serán dadas de baixa:

- Se nos primeiros catro días do curso non acceden á plataforma.
- Se na primeira semana do curso non teñen realizadas todas as tarefas da primeira unidade didáctica.

Teléfonos información:

981 957654 – 981 544402 – 981 546835

Publicación da relación das persoas seleccionadas e convocatoria para a presentación dos cursos:

A listaxe de admitidos, cos grupos de cada curso e co titor ou titora encargado de cada un farase pública na páxina web www.xunta.es/linguagalega.

A listaxe estará codificada da seguinte maneira: primeira letra do nome, primeira letra do 1º apelido, primeira letra do 2º apelido, tres últimas cifras do DNI (exemplo: Xoán Carlos Álvarez Fontás 76789863, terá como código: **XAF863**).

Antes do comezo do curso o titor ou titora comunicárase por correo electrónico cos alumnos e alumnas admitidos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Coa inscrición a persoa solicitante dá o seu consentimento para tratar os seus datos no expediente da convocatoria do curso de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2014
Secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez